

Hai un ano constituíase en Ferrol o Centro de Estudos «Lingua e Empresa», unha asociación de persoas vinculadas, na súa maioría, a empresas de Ferrolterra, e comprometidas co proceso de normalización lingüística, coa intención de se converter nun foro de estudo e debate que incida na galeguización das relacións comerciais e empresariais, dos medios de comunicación e da publicidade. Nesta perspectiva o CELE organizou en novembro do 93 as Primeiras Xornadas «Lingua e Medios» e, conxuntamente cos Xoves Empresarios de Ferrol, en decembro, o primeiro simposio «Vender en Galicia. Vender en galego».

«Lingua e medios». Os conferenciantes foron profesionais do mundo da comunicación en Galicia (xornalistas e lingüistas) e estudiosos da relación entre o galego e os «media». Os 250 participantes nas Xornadas realizaron unha primeira aproximación á situación do galego nos medios de comunicación, contrastando niveis e modelos de uso, chegando ás seguintes conclusións:

1ª.- A incorporación do galego ós medios de comunicación é fundamental para a difusión do uso social da nosa lingua. Así mesmo, a lingua que se utiliza nos «media» ten unha incidencia moi grande no conxunto da sociedade, de aí a necesidade de garanti-lo respecto e a corrección no emprego da lingua.

2ª.- Malia a crecente incorporación da presenza do galego nos medios de comunicación, aínda non acadou os niveis desexables.

3ª.- Non existen razóns funcionais que impidan a comunicación en galego. A escasa presenza da nosa lingua nos medios non é un feito atribuíble exclusivamente ás empresas, senón a un conxunto de factores que interveñen na comunicación.

4ª.- Os profesionais, non tendo na súa maioría unha posición hostil respec-

to ó galego, manifestan non utiliza-la nosa lingua porque a descoñecen ou non a dominan. Esta falta de dominio non se produce só respecto do galego, senón tamén do castelán. As interferencias lingüísticas entre os dous idiomas aparecen constantemente tamén nos medios de comunicación, que non fan máis que reflecti-lo conflito lingüístico existente.

5ª.- Constatase a necesidade premente dun modelo de lingua estándar para os medios, dun manual de estilo como referente e instrumento para solucionar-las dúbidas profesionais, de dicionarios, programas informáticos, bibliografía especializada... que faciliten o labor dos profesionais.

«Vender en Galicia. Vender en galego». Na primeira xornada analizouse a presenza das linguas oficiais nas relacións comerciais e empresariais, participando como conferenciantes representantes de empresas normalizadas, galegas e bascas, así como de asociacións pola normalización. A segunda estudou a situación das linguas oficiais na publicidade, participando publicistas e sociolingüistas.

O Simposio contribuíu a desmitificarlo tópico de que «non é rendible face-la publicidade ou mante-las relacións comerciais en galego». Os datos a este respecto do mapa socio-lingüístico de Galicia, experiencias coma a de San Luís Informática, A Queiroga, Construcións Malvar, Castromil, Adegas das Airas..., o feito de que existan axencias que vivan de convence-los seus clientes do valor engadido que a lingua representa e de exportar campañas a prol da normalización de linguas minorizadas... son os mellores argumentos para desmontar esta falacia.

Doutra banda, serviu para poñer de manifesto que algo está cambiando na sociedade galega. O galego xa non é exclusivamente «a lingua proletaria do

meu pobo» que cantara Celso Emilio, e paseniñamente convértese tamén na lingua empresaria e publicitaria do noso pobo. Por último, o cento de asistentes ó simposio constatamos que a incorporación do galego ó mundo da comunicación publicitaria e das relacións socio-económicas non é un problema exclusivo das institucións, empresas ou



axencias de publicidade. Sen minimizar a súa importancia, trátase de reivindicar-lo papel da sociedade civil nos cambios sociais e na muda de actitudes lingüísticas. Avanzar na normalización do galego nestes sectores esixe o necesario apoio institucional, pero tamén vencer inercias e rutinas. ■

Os asistentes ás Xornadas pola Normalización Lingüística decidiron facer chegar á Comisión de Lingua do Consello da Cultura Galega as seguintes conclusións, apro-

rios concellos e deputacións provinciais, a Radio-Televisión Galega e as universidades, presenta certas demandas que queremos facer chegar ó Plenario do Consello da Cultura Galega para que llelo comunique á opinión pública e mais ás institucións e autoridades competentes, especialmente á Presidencia da Xunta de Galicia, á súa Dirección Xeral de Política Lingüística, á dirección da Compañía da Radio-Televisión Galega e mais da Radio e Televisión Galegas, ós órganos da administración de xustiza, ós presidentes das deputacións galegas, ós alcaldes das grandes cidades, ós rectores das universidades, ó presidente da Real Academia Galega e ó director do Instituto da Lingua Galega:

1.- A existencia de tales servicios responde ás esixencias do desenvolvemento de normalización da lingua galega. É preciso consolidar os que xa existen e ampliar o seu número, coa debida dotación persoal, económica e de equipos, situados en lugar idóneo no organigrama institucional e co apoio das máximas autoridades dos organismos correspondentes. Das institucións devanditas, queremos chamar a atención sobre este punto, á Xunta e Parlamento de Galicia, á Radio-Televisión Galega e ós Concellos e Deputacións provinciais.

2.- Cómpre garantir a coordinación e orientación global do traballo dos devanditos servicios, para facelo máis efectivo e dotalo dun sentido de conxunto coherente. Coidamos que isto é responsabilidade da Dirección Xeral de Política Lingüística, que se actualmente non está en condicións de facelo ou considera que iso non é a súa función, debe propór e apoiar a creación dun organismo específico para tal fin.

3.- Urxe crear unha rede de intercambio de información, especialmente no ámbito da terminoloxía, e mais unha comisión ou seminario permanente de terminoloxía que contraste distintas propostas e centralice as decisións. Semella claro que isto é labor basicamente da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega, que estimamos

deben reclamar da Xunta de Galicia os medios necesarios para cumprilo.

4.- Cómpre impulsar medidas para a mellora da formación dos técnicos e especialistas, actuais e futuros, dos SSSL e SSNNLL, para o cal lles suxerimos ás universidades a organización de cursos de posgrao, de mestrado e doutro tipo, en que se contemplen aspectos tales como técnicas de análise sociolingüística e dinamización socio-cultural, de traballo estilístico na elaboración de textos e de especialización terminolóxica, e mais de xestión informática e de documentación. Neste senso, o papel das universidades galegas debe ser fundamental.

5.- Suxerímolle ó propio Consello da Cultura Galega que cree un Centro de Documentación sobre Normalización Lingüística, no seo do cal se organice un arquivo centralizado que recolla publicacións, referencias, datos e todo tipo de material xerado arredor da normalización lingüística en Galicia, e o máis importante de fóra dela.

Consideramos que sen un marco programático e organizativo global, sen o necesario apoio político, sen unha formación axeitada, sen unha fundamentación científica do noso traballo, sen estudos sociolingüísticos en campos específicos, sen programas informáticos que están renovando a xestión e o funcionamento das institucións, sen unha rede terminolóxica galega conectada coas redes internacionais, o noso labor na promoción da lingua galega desenvolverase en condicións de precariedade, e estará condenado á obsolescencia, á ineficacia e, á derradeira, á marxinalidade.

